

# Área de Igualdade da Deputación Provincial

## **“8M, Mes a Mes”**

Dende a Área de Igualdade da Deputación Provincial de Ourense temos moi presente o día 17 de Maio, Día das Letras Galegas! E por iso que queremos dar continuidade ao programa “8M, Mes a Mes” da mellor forma posible, cunha escritora. Concretamente con Inma Soto, creadora de “Xela, a superheroína de aldea”. O lema seleccionado para este mes foi: “ A tinta feminina da conciencia”, facendo referencia ás mulleres escritoras que co seu don da palabra comparten sabedoría e sensibilidade, despertando, deste xeito, as conciencias das súas lectoras.

Inma Soto, Inmaculada Belén Soto Iglesias, é unha escritora da cidade de Ourense. Graduouse en Ciencias do Mar na Universidade de Vigo; Tamén é Técnica de Xestión Forestal e do Medio Natural, estudos que realizou en Xinzo de Limia. Inma é contadora de historias, educadora ambiental e gran admiradora da nosa natureza. Tanto a súa formación coma a súa motivación vital danos unha pista sobre o contido dos seus famosos contos, onde Xela, unha rapaza espelida, creativa e divertida é superheroína no rural e ademais, galegofalante. Un referente actual para moitas crianzas!

Inma traballou en diferentes proxectos, sempre ligada a divulgación e a conservación da natureza; Segundo a autora, “ das dúas naturezas, a do medio e a entendida como a esencia que nos define culturalmente, pois en realidade unha vai da man da outra.” Deste xeito, nacen os seus contos, para sensibilizar na protección e respecto polo medio, divulgar e dar a coñecer o noso patrimonio; “ Hoxe, os contos e as historias son un dos xeitos máis fermosos que atopei para comunicarme.”

En conclusión, a obra desta escritora galega, personificada no conto de Xela, que abraza a súa lingua materna e a contorna natural que a arrodea, transcende a simple narrativa para se converter nun vibrante manifesto. A través da súa pluma, defende con paixón non só a riqueza e a vixencia do galego no século XXI, senón tamén a fonda conexión entre a identidade cultural, a vida no rural e a imperiosa necesidade de protexer o noso patrimonio. A súa literatura é un recordatorio poderoso das nosas raíces e un chamamento a valorar e preservar aquilo que nos define.

Contacto: 653 381 549 @inmasotoiglesias [nosoconto@gmail.com](mailto:nosoconto@gmail.com)

Web: <https://inmasoto.gal/>



#igualOU